

## Unha viaxe pola costa Recordos da viaxe



### Castelos

Un alarde de arquitectura granítica, que comparten a súa beleza coa fermosura da paisaxe.

**Praia de Cariño**  
Ofrece áreas brancas para tomar o sol e augas calmas e transparentes para gozar dun baño.



### Lagoa de Doniños

O visitante non pode deixar de pasear pola súas beiras para saborear con detalle as marabilias da natureza que ofrece este lugar privilexiado.

**Santa Comba**  
Achegarse durante a marea baixa ata a antiga ermida é outra satisfacción para o camiñante.



### Miradoiro

No Cabo Prior ázase esta guía dos navegantes e un miradoiro natural para contemplar un marabilloso solpor.

**Posta de sol**  
A mellor forma de rematar esta longa xornada é deterse á noite nun dos amplos areais para compartir con outros pescadores a emoción da pesca da robalza, mentres que o sol despide o día na lonxanía do mar.



## unha viaxe pola costa

# Ferrol, a cidade das praias



**Ferrol**  
a cidade do mar



**Concello de Ferrol**  
TURISMO

Oficina de Turismo  
Portanova s/n  
Tlf. 981 446 700

Oficina de Turismo Porto  
Peirao de Curuxeiras s/n  
Tlf. 618 522 527

# Unha viaxe pola costa

Entre as moitas propostas que se poden ofrecer ó viaxeiro e visitante que se achega á cidade de Ferrol, unha delas é a de realizar un percorrido polo



**Entrada da ría**  
Dende o século XVI unha serie de fortalezas militares defendían o estreito pasadizo de mar que conducía ás naves ata ferrol.

noso amplo litoral e gozar da natureza, das pegadas do pasado e, sobre todo, do contacto co mar. Neste caso, abonda con realízalo para convencerse de tódolos seus atractivos. Con todo, ofrecémoslle esta proposta de viaxe para que non perda ningún dos seus encantos.

Nunha mesma xornada ten a posibilidade de coñecer e sentir a natureza nas dúas formas en que se nos presenta: ó longo do accidentado relevo da ría e, despois, camiñando polos seus amplos areais.

**Atardecer en Covas**  
Calquera rincón do litoral convida a detense para contemplar o sol cando se agacha no lonxano horizonte.



Partindo do porto, pola mañanciña, pódese percorrer en coche toda a beira norte da ría ata a súa entrada. Despois de pasar a pintoresca vila da Graña, no alto do monte, pódese ollar unha grande panorámica, para logo descender a San Felipe onde unha serie de fortalezas militares, nun alarde de arquitectura granítica, defendían a entrada marítima de Ferrol dos buques inimigos. Aínda que hoxe non conservan esa función, iniciada na época de Felipe II, si gardan toda a súa beleza. Falamos do castelo de San Felipe, e das baterías de S. Carlos, S. Cristovo, Cariño, Viñas, Canelas e Prioriño. Entre os restos dos seus muros graníticos e as penas da ribeira pódese practicar o submarinismo, darse un baño nas pequenas enseadas espalladas por toda a ribeira ou deterse a tomar o sol na praia de Cariño, protexida dos ventos, con areas brancas e augas calmas e transparentes.

Despois do descanso, poderá retomar a marcha con dirección ó cabo Prioriño, onde as augas do mar braman con forza sobre os seus impresionantes cantís; desde eles pode lanzarse a cana para pescar, mentres se contempla o paso dos corvos mariños ou das gaivotas comúns. A fermosa panorámica enriquecése ó subir ó alto de Monteventoso. Desde alí, a 245 m de altitude, a vista recreáse na grandiosidade do horizonte, que ofrece un amplo contorno do chamado Golfo Artabro.

Na baixada do camiño de volta, o mellor é continuar a a viaxe cara a Doniños, para gozar dun dos espazos naturais máis fermosos de cantos ofrece a bisbarra de Ferrol. Aquí iniciáse as praias de longos areais, en forma de media lúa, con augas limpas e bravas para o aproveitamento dos bañistas e escenario de competicións internacionais para os numerosos surfistas que desafían as súas altas ondas. Unha longa barreira de dunas, con penachos vexetais, defenden do mar a lagoa costeira de Doniños, un privilexiado enclave natural protexido, que alberga nos seus 2 Km<sup>2</sup>, un rico e variado ecosistema, dende diferentes aves acuáticas e migratorias ata oucas, que deitan as súas grandes follas con brancas flores entre os xuncos do seu litoral.

Continuando pola praia, escenario do histórico desembarco das tropas inglesas que no ano 1800 pretendían atacar Ferrol, chégase á parroquia de San Xurxo. Nela atópanse os restos do castro marítimo de Lobadiz, protexido nun dos seus lados polos cantís e polo mar, fronte ás illas Gabeiras, e por outro por dúas liñas de murallas cun foxo no medio. Pode datarse entre o sec. I a. C e o sec. I d. C.

Antes de continuar o paseo cara á praia de San Xurxo, convén detense para o descanso ou para xantar no seu piñeiral, que ofrece unha fresca sombra no sol do mediodía. Recuperadas as forzas, a fina area da praia, cuberta na baixamar por verdes algas, convida a camiñar, ou ben dirixirse ós areais de Esmelle e Vilar, en Covas. Nesta parroquia unha visita obrigada é asomarse ó cabo Prior, que se adentra no Atlántico na punta máis setentrional da costa ferrolá. O seu faro é guía dos navegantes e un miradoiro privilexiado para todos cantos desexen contemplar unha espléndida posta do sol. Nas súas proximidades ubicábase, dende o século XII, unha das factorías máis antigas de Galicia para a pesca da balea, xa que dende os seus altos cantís podía divisarse o paso migratorio destes grandes cetáceos.

Seguindo pola beira da costa, atópanse as praias de Ponzos, con restos de antigas explotacións mineiras, que algúns estudosos sitúan na época da presenza romana, e a de Santa Comba, na que se localiza unha pequena illa onde se alza unha ermida. Antigo lugar de encontro de romeiros, que dende o ano 1110 ata os nosos días acoden, no derradeiro domingo de xullo, a dar mostra da súa devoción popular, cunha peregrinación nas horas de marea baixa

cando poden achegarse á illa da Santa, que pervive rodeada de lendas e de milagres.



O viaxeiro pode dar por rematada esta longa xornada polas praias do noso litoral, tomando a estrada que o conduce de Covas a Ferrol, seguramente canso e satisfeito da intensa viaxe realizada, ou pode, se aínda conta con folgos e con afección, deterse á noitiña nun deses amplos areais para compartir, con outros pescadores, a tensa emoción da pesca da robaliza, mentres que o sol se agacha no lonxano horizonte.

**Praia de San Xurxo**  
Un amplo areal, bañado por augas verdes e transparentes.



**Panorámica dende Monteventoso**  
A 255 m de altitude a vista recreáse coa contemplación dun grandioso horizonte.

Praias ferrolás

